- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel. As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarase en orixinal. As facturás cumpriran os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a entidade beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Noveno.- No caso de que a ENTIDADE se opoña expresamente a que o CONCELLO comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento. De non haber tal oposición expresa, o CONCELLO recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada pola Concellería de Participación Cidadá e Festas. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo quinto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presente a entidade asinante e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas.

Décimo sexto.- O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2022 e non será prorrogábel.

Décimo sétimo.- O concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.



Concello de Vigo

Décimo oitavo.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo noveno - A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Participación Cidadá e Festas. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

Vixésimo.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria proporá ao Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da Concellería de Participación Cidadá e Festas. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ao público.

A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade proporalle ao Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

Nas actuacións que se programen deberase dar cumprimento da lexislación vixente onde se establezcan as medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Vixésimo primeiro.- En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuir aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

Vixésimo segundo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

CCP/amg

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican

16(482).- SOLICITUDE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DA XUNTA DE GALICIA DA DESAFECTACIÓN, COMO VIVENDA DE MESTRES, DO EDIFICIO EXISTENTE NA PARCELA DO CEIP O SELLO-CABRAL (PROPIEDAD MUNICIPAL Nº 000085 DO IMBD). EXPTE. 20995/240.

Dáse conta do informe-proposta do 06/06/2022, asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio, a xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Reximen Local.
L 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.
Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas
L 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
LO 2/2006, de 3 maio, de Educación.
RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais
D 250/1988, de 21 de xullo, polo que reguláse o dereito a casa-habitación dos profesores de educación xeneral básica.

INFORME - PROPOSTA:

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- Polo Servizo de Educación informouse o 4/03/2022 que: *No recinto escolar do CEIP O SELLO hai un edificio de tres plantas ata algúns anos destinado a vivendas do profesorado e na actualidade sen uso, salvo un pequeno espazo destinado a almacén. Este inmovble atopase nun deficiente estado de conservación producíndose desprendementos de elementos da fachada, o que supón un perigo para os alumnos do colexio.*



Concello de Vigo

En data 04/03/2022 emítese polos arquitectos municipais informe sobre o estado de conservación e posibilidades de intervención nas antigas vivendas de mestres na parcela do CEIP SELLO-CABRAL. Neste informe conclúese que "Á vista das patoloxías descritas, si ben non semella ter cabida un suposto de ruína técnica ou económica nos termos regulados pola actual lexislación, pódese falar da inviabilidade do mantemento da edificación en termos funcionais, xa que as características morfolóxicas e constructivas do edificio imposibilitan calqueira reforma ou rehabilitación para dar cabida a posibles usos de carácter educativo contemplados pola Ordenanza de aplicación: en primeiro lugar, as alturas libres entre pisos incumprirían as mínimas esixibles para dar cabida a usos de carácter dotacional. Ademais, as limitacións de accesibilidade e habitabilidade derivadas da configuración do inmovible fan que resulte inviable unha posible rehabilitación integral.

En consecuencia, as actuacións que poideran levarse a cabo sobre esta edificación, máis alá das medidas de seguridade e protección que poidan ter que adoptarse temporalmente, terían que orientarse a unha futura demolición da construción, ca consecuente recuperación do espazo ocupado coma patio do centro e zonas exteriores, ou ben coma ámbito disponible para futuras actuacións edificatorias."

Polo que sería conveniente solicitar a súa desafectación como inmovible destinado a vivendas de mestres e mestras para proceder á súa demolición solucionado o perigo que para os nenos e nenas do centro pode supoñer o mal estado de conservación deste edificio.

SEGUNDO.- Pola Concelleira Delegada de Patrimonio ordenouse en data 9/05/2022 o inicio do correspondente procedemento administrativo de desafectación do edificio destinado a vivenda do profesorado no CEIP O SELLO.

TERCEIRO.- A Arquitecta Técnica de Patrimonio informou o 26/05/2022 que: *Segundo os datos recabados no Inventario municipal de Bens e Dereitos, consta como propiedade municipal o C.E.I.P O Sello localizado na Rúa Sardomela N°7- Cabral - Vigo, rexistrado co N°85 (provisional), do Epígrafe - I , Inmóbeis, nos traballos de actualización e revisión do Inventario, pendente de aprobación.*

No mesmo, consta diferenciado o "Edificio de vivendas ..." coa seguinte descripción:

- *Edificio de vivendas con fachada de ladrillo caravista con cuberta plana de formigón en formación de pendentes"*
- *Planta baixa: Garaxes*
- *Plantas primeira, segunda e terceira: Dúas vivendas por planta*
- *Total plantas: 4*
- *Ano construción: 1970*

O estado de conservación do inmovible correspóndese con reflectido no "INFORME SOBRE ESTADO DE CONSERVACIÓN E POSIBILIDADES DE INTERVENCIÓN NAS ANTIGAS VIVENDAS DE MESTRES NA PARCELA DO CEIP SELLO - CABRAL",

redactado por técnicos municipais, adxunto ó presente expte (20995/240).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

PRIMEIRO.- O C.E.I.P O Sello, na parroquia de Cabral, consta de titularidade municipal inscrita no Inventario municipal de bens e dereitos, o Ep. I-Inmubles, co número de propiedade 000085, e natureza xurídica de ben de dominio público afecto o servizo educativo.

En dito inmovible, segundo os datos do inventario constan dúas edificacións, unha destinada a aulario (CEIP O Sello), e outra para vivenda (obxeto do presente expediente de desafectación).

SEGUNDO.- A facultade das Entidades Locais para proceder á alteración da cualificación xurídica dos seus bens ven recoñecido no art. 81 da Lei 7/85 RBRL, art. 269 da Lei 5/97 de ALG e art. 8 do R.D. 1372/86 RBEL, ó dispor que dita alteración xurídica levarase a cabo mediante a tramitación do correspondente expediente administrativo no que se acredite a oportunidade e legalidade desta, requirindo a súa adopción a cumprimentación de diversos requisitos que a mesma normativa establece, así como o disposto na normativa sectorial de aplicación.

Neste senso, a concurrencia competencial doutras administracións públicas no ámbito do servizo educativo e polo tanto en relación aos bens que se atopen vencellados a ese destino, como no presente caso acontece co edificio de vivendas existente no CEIP O SELLO, fai preciso acadar a autorización pertinente destas a teor do sinalado na súa normativa reguladora e no ámbito competencial que lle é propio.

De acordo co decreto 1373/82 de 24 de xullo, polo que se levou a cabo a transferencia de funcións e servizos do estado en materia de educación a favor da Comunidade Autónoma de Galicia, esta obstenta na actualidade a condición de Administración xestionante do servizo educativo no ámbito de esta Comunidade e, consecuentemente, requírese como trámite previo e necesario a obtención da Consellería de Educación da Xunta de Galicia da autorización correspondente para a alteración xurídica da natureza de dito ben, desafectando como vivenda do profesorado do servizo educativo, tal e como se recolle no art. 6 do D 250/1988, de 21 de xullo, polo que regulase o dereito a casa-habitación dos profesores de educación xeral básica, ao sinalar que a *Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a petición dos Concellos, poderá declarar a desafectación das vivendas cando éstas non sexan necesarias para o fin para o que foron afectadas e sempre que en dito edificio non funcione unidade ou unidades escolares. De igual maneira se poderán desafectar aquelas vivendas que excedan da plantilla de mestres da localidade en función das necesidades de escolarización.*

CUARTO.- A desafectación proposta non incide na natureza xurídica do inmovible onde situase dito edificio, que seguirá mantendo a súa condición de dominio público municipal afecto ó servizo público educativo, polo



Concello de Vigo

seu destino a centro de educación infantil, pero si pola contra o uso como vivenda habitación de mestres do edificio existente nese inmovible, que no presente caso ven motivada e atopa a súa xustificación na falta de adicación a dito uso (vivenda de mestres), así como no seu deficiente estado de conservación e a *inviabilidade do mantemento da edificación en termos funcionais*, xa que as características morfolóxicas e constructivas do edificio imposibilitan calquera reforma ou rehabilitación para dar cabida a posibles usos de carácter educativo (...) ou as limitacións de accesibilidade e habitabilidade derivadas da configuración do inmovible fan que resulte inviable unha posible rehabilitación integral, como sinalase polos servizos técnicos que aconsellan unha futura demolición da construción, coa conseguinte recuperación do espazo ocupado coma patio do centro e zonas exteriores.

QUINTO.- A teor do exposto, procede solicitar da autoridade educativa xestora do inmovible (Xunta de Galicia) a correspondente desafectación do edificio de vivendas de mestres existente no CEIP O Sello, polos motivos anteriormente sinalados.

Por todo isto, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

“UNICO.- Solicitar da Consellería de Educación da Xunta de Galicia a desafectación, como vivenda de mestres, do edificio de catro plantas existente na parcela do CEIP O SELLO (propiedade municipal nº 000085 do IMBD), na parroquia de Cabral-Vigo, ó non adicarse a dito uso e polo seu deficiente estado de conservación, que fai conveniente proceder a súa demolición”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(483).- SOLICITUDE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DA XUNTA DE GALICIA DA DESAFECTACIÓN Ó USO EDUCATIVO DO EDIFICIO MUNICIPAL E.E.I ZAMÁNS, SITO NO CAMIÑO DE SUEIDO Nº24, NA PARROQUIA DE ZAMÁNS- VIGO. (PROPIEDAD Nº 2 DO IMBD). EXPTE. 20996/240.

Dáse conta do informe-proposta do 08/06/2022, asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio, a xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Reximen Local.
L 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.
Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas
L 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
LO 2/2006, de 3 maio, de Educación.
RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais

INFORME - PROPOSTA :

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- Polo Servizo de Educación informouse o 4/03/2022 que: A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional mediante Orde do 15 de xullo de 2019 pola que se modifican as unidades e postos dependentes desta Consellería nos niveis de educación infantil, educación primaria e educación especial (DOG nº 142 de 29 de xullo de 2019), dispón a supresión da E.E.I ZAMÁNS de Vigo (Código 36105925).

Como consecuencia dende setembro de 2019 non hai actividade docente no centro, permanecendo a escola pechada e sen mantemento, o que co paso do tempo conleva un deterioro das instalacións.

A desafectación deste centro ao uso educativo permitiría poder destinalo a outras actividades culturais e sociais, o que está a ser demandado polos veciños de Zamáns e asociacións culturais.

SEGUNDO.- Pola Concelleira Delegada de Patrimonio ordenouse en data 9/05/2022 o inicio do correspondente procedemento administrativo de desafectación do inmovible E.E.I ZAMÁNS ó servizo educativo.

TERCEIRO.- A Arquitecta Técnica de Patrimonio informou o 26/05/2022 que: *Segundo os datos recabados no Inventario municipal de Bens e Dereitos, consta como propiedade municipal a Escola Infantil Zamáns localizada no Camiño de Sueido Nº24 - Zamáns - Vigo, rexistrado co Nº2 (provisional), do Epígrafe - I , Inmóbeis, nos traballos de actualización e revisión do Inventario, pendente de aprobación.*

No mesmo, consta diferenciado "Edificio Escola Infantil..." coa seguinte descripción:

- *EDIFICIO ESCOLA INFANTIL DE PEDRA CON CUBERTA DE TELLA*
- *Planta baixa: AULA E XIMNASIO*
- *Planta primeira: AULA E BUFARDA SEN USO NIN ACCESO.*
- *Total plantas: 2*
- *Ano construción: 1930*

Constando unha superficie construída de 320,68 m².

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:



Concello de Vigo

PRIMEIRO.- A Escola Infantil de Zamáns (EEI Zamans), situada no Camiño de Sueido N°24 -na parroquia de Zamáns deste termo minicipal de Vigo, consta como de titularidade municipal inscrita no Inventario municipal de bens e dereitos, no Ep. I-Inmobles, co número de propiedade 2, e natureza xurídica de ben de dominio público afecto o servizo educativo.

SEGUNDO.- A facultade das Entidades Locais para proceder á alteración da cualificación xurídica dos seus bens ven recoñecido no art. 81 da Lei 7/85 RBRL, art. 269 da Lei 5/97 de ALG e art. 8 do R.D. 1372/86 RBEL, ó dispor que dita alteración xurídica levaráse a cabo mediante a tramitación do correspondente expediente administrativo no que se acredite a oportunidade e legalidade desta, requirindo a súa adopción a cumprimentación de diversos requisitos que a mesma normativa establece, así como o disposto na normativa sectorial de aplicación.

Neste senso, a concurrencia competencial doutras administracións públicas no ámbito do servizo educativo e polo tanto en relación os bens que se atopan vencellados a ese destino, como no presete caso acontece co edificio da E.E.I. Zamans), situada no Camiño de Sueido N°24 de Vigo, fai preciso acadar a autorización pertinente destas a teor do sinalado na súa normativa reguladora e no ámbito competencial que lle e propio.

De acordo co decreto 1373/82 de 24 de xullo, polo que se levou a cabo a transferencia de funcións e servizos do estado en materia de educación a favor da Comunidade Autónoma de Galicia, esta ostenta na actualidade a condición de Administración xestionante do servizo educativo no ámbito de esta Comunidade e, consecuentemente, requírese como trámite previo e necesario a obtención da Consellería de Educación da Xunta de Galicia da autorización correspondente para a alteración xurídica da natureza de dito ben, desafectando o servizo educativo como Escola infantil, tal e como se recolle na disposición adicional decimoquinta, apartado 2 da Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación, ó establecer que ditos edificios non poderan destinarse a outros servizos ou finalidades sen autorización previa da Administración Educativa correspondente.

CUARTO.- A solicitude de desafectación ao servizo educativo proposta, no presente caso, ven motivada e atopa a súa xustificación, ao terse xa disposto pola propia Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a supresión da E.E.I ZAMÁNS de Vigo mediante Orde do 15 de xullo de 2019 (DOG nº 142 de 29 de xullo de 2019), atopándose dende setembro de 2019 sen actividade docente no centro, e permanecendo a escola pechada e sen mantemento, o que supoñe un deterioro das instalacións, e a necesidade de destinalo a outras actividades culturais e sociais por esta administración municipal.

QUINTO.- A teor do exposto, procede solicitar da autoridade educativa xestora do inmovible (Xunta de Galicia) a correspondente autorización para a desafectación ó servizo educativo do edificio municipal E.E.I ZAMÁNS, sito no Camiño de Sueido N°24, na parroquia de Zamáns- Vigo. (Propiedade nº 2 do IMBD), polos motivos anteriormente sinalados.

Por todo ello, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

“UNICO.- Solicitar da Consellería de Educación da Xunta de Galicia autorización para a desafectación ó uso educativo do edificio municipal E.E.I ZAMÁNS, sito no Camiño de Sueido N°24, na parroquia de Zamáns-Vigo(propiedade municipal n°2 do IMBD), ó atoparse sen actividade docente por terse disposto a súa supresión mediante Orde da Consellería de Educación do 15 de xullo de 2019, e resultar necesario destinalo a outras actividades culturais e sociais desta administración municipal”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(484).- RECTIFICACIÓN DE ACORDO DA XGL DE 13 DE ABRIL DE 2022 SOBRE CESIÓN EN USO DUN LOCAL NO COMPLEXO DO AUDITORIO DO PAZO DE CONGRESOS MAR DE VIGO, NA AVENIDA DE BEIRAMAR N°57, Á FUNDACIÓN DE VIGO CONVENTION BUREAU (FVCB). EXPTE. 20917/240.

Dáse conta do informe-proposta do 08/06/2022, asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio, a xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

Primeiro.- Pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 13 de abril do 2022, acordouse Autorizar á FUNDACION DE VIGO CONVENTION BUREAU (FVCB) o uso temporal do local de titularidade municipal sito na planta baixa do Módulo do Hotel Eurostars do Complexo do Auditorio do Pazo de Congressos Mar de Vigo, na Avenida de Beiramar N°57, con acceso dende a Rúa Juan Ramón Jimenez, como sede da entidade. Dacordo coas condicións nas que foi otorgada, a Fundación constituirá unha garantía do 3% do valor do dominio público ocupado, por calquera dos medios legalmente establecidos, na Tesourería Xeral deste Excmo. Concello no prazo máximo de quince días a contar dende o seguinte á notificación do acordo da Xunta de Goberno Local de outorgamento da autorización demanial .

Segundo.- Notificado o acordo á FUNDACION DE VIGO CONVENTION BUREAU (FVCB), presentouse por esta, o 6/5/2022 escrito de alegacións nos que solicita que non se lle requiera da contitución da garantía, a teor da resposta recibida dende a Tesourería Municipal segundo a cual *non parece aplicable a constitución da garantía a un ente da administración que forma parte do grupo de consolidación da propia cedente.*

Terceiro.- Solicitado informe á Tesourería Municipal das alegacións formuladas, informouse polo tesoureiro o pasado día 1/06/2022 sinalando que:(...) *En relación co asunto de referencia e o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 13/04/2022, relativo a*



Concello de Vigo

cesión en uso dun local no complexo do Auditorio do Pazo de Congressos Mar de Vigo, na avenida de Beiramar nº57, á Fundación de Vigo Convention Bureau (FVCB), no apartado V do acordo, establece que de acordo co artigo 92.6 LPAP a Fundación deberá constituír unha garantía do 3% do valor do dominio público ocupado, que foi estimado en 124.858,06 euros.

Unha vez comunicado o acordo á Fundación, o Sr. Xerente da FVCB solicitou por correo electrónico o protocolo para a constitución da garantía, e polo responsable da Tesourería que subscribe, utilizando o mesmo canle de comunicación, contestou o seguinte:

"O previsto no Art. 90.1 do RD 1372/1986, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Corporacións Locais, onde se establece unha garantía definitiva que haberá de constituír o adxudicatario da cesión, dentro do prazo dos quince días seguintes á notificación, consistirá no 3% do valor do dominio público ocupado, non debe ser aplicado neste caso polas seguintes razóns:

PRIMEIRO.- A máis importante, a FVCB e parte da Entidade Local, forma parte do Grupo Concello de Vigo, está dentro do perímetro de consolidación, por esta razón, o Concello é o seu financiador pero ao mesmo tempo, exerce sobre a Fundación o control contable e orzamentario, tendo ademais o control sobre as decisións que se adopten polos órganos. Non estamos pois, na adxudicación dun ben de dominio público a un terceiro, senón nunha cesión a un ente que para os efectos formais, tería a mesma consideración que a dun Organismo Autónomo. Consecuencia do anterior, se se producise algunha deterioración nos bens cedidos, o Concello sempre tería ao seu alcance, a posibilidade de compensación da valoración da deterioración coa retención dos pagos que realiza á Fundación polas transferencias de financiamento.

SEGUNDO.- O artigo 110 do RBEL, contempla a posibilidade da cesión gratuíta, iso leva de seu, que non se deberá solicitar a constitución de garantía.

TERCEIRO.- O artigo 173 do texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, RDL 2/2004, establece que non se poderán esixir fianzas e depósitos da facenda local, sendo a FVCB Fundación Vigo Convention Bureau un ente que forma parte da Entidade Local, tampouco se lle poderá esixir garantía polo uso do local.

O artigo 145 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, aínda que non ten carácter básico, tamén contempla a cesión gratuíta.

Por outra banda, o artigo 92.6 da LPAP, non ten carácter de lexislación básica, e estarase en todo caso ao previsto no artigo 90.1 do RBEL.

En resumo, non parece aplicable a constitución da garantía a un ente da administración que forma parte do grupo de consolidación da propia cedente, todo iso sen prexuízo de que o convenio de cesión deixe reflectido, a obrigatoriedade do cesionario de facer fronte a calquera deterioración ou menoscabo do ben cedido, de non facelo, procederese a unha valoración do dano e a súa execución subsidiaria pola cedente, procedendo a súa compensación coas transferencias de financiamento que realiza a cedente ao cesionario." (...)En todo caso, o criterio

reflectido, que foi exposto pola Xerencia da FVCB no seu escrito, ten o seu amparo legal, e non parece axustado, solicitar a constitución dunha garantía a un ente que forma parte do grupo de consolidación, que ademais, a totalidade do financiamento é público e corresponde neste caso a matriz, Concello de Vigo. Non obstante, se o servizo de Patrimonio entende que a FVCB debe presentar a garantía acordada pola Xunta de Goberno, tería que ser depositada na Tesourería Municipal que faría a súa custodia até que procedese a súa devolución. A garantía podería constituirse en calquera das seguintes formas: En efectivo, en valores de débeda pública, mediante aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou mediante contrato de seguro de caución, e podería ser presentada na ventanilla de recadación voluntaria na propia Lonxa do Concello. Isto é todo o que ten que informar esta Tesourería, que de facerse proposta ao respecto, tería que ser sometida ao mesmo órgano que adoptou o acordo.

Cuarto.- Resultando unha facultade da administración a esixencia de garantía no otorgamento das autorizacións administrativas para o uso privativo do dominio público (artigo 92.6 LPAP), procede no presente caso, a teor do informado pola tesourería municipal consonte resultaría improcedente a esixencia, ao tratarse (a cesionaria) dun ente desta administración que forma parte do grupo de consolidación, que ademais, a totalidade do financiamento é público e corresponde neste caso a matriz (Concello de Vigo), rectificar o acordo adoptado no senso de deixar sen efecto a esixencia da constitución de garantía sinalada no punto 5º, párrafo segundo das condicións nas que otorgouse a autorización administrativa.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte **acordo**:

“Primeiro.- Rectificar o acordo da Xunta de Goberno Local, do 13 de abril do 2022, polo que autorizouse á FUNDACION DE VIGO CONVENTION BUREAU (FVCB) o uso temporal do local de titularidade municipal sito na planta baixa do Módulo do Hotel Eurostars do Complexo do Auditorio do Pazo de Congresos Mar de Vigo, na Avenida de Beiramar Nº57, deixando sen efecto a esixencia da constitución de garantía do 3% do valor do dominio público ocupado, establecida na condición 5º, párrafo segundo, da autorización otorgada.

Segundo.- Manter nos demais termos as condicións na que otorgouse dita autorización.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

19(485).- PROPOSTA DE INTERPOSICIÓN DE PENALIDADES Á MERCANTIL BANCO DE SANTANDER S.A. EN RELACIÓN COA PRESTACIÓN DO SUBMINISTRO EN RÉXIME DE ARRENDAMENTO (RENTING) DE VEHÍCULOS PARA A POLICÍA LOCAL. EXPTE. 43577/212.

Dáse conta do informe-proposta do 01/06/2022, asinado polo intendente xefe da Policía Local, o x de Área de Seguridade e Mobilidade e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES.

I.- O Concello de Vigo tivo a súa disposición o uso de 17 vehículos equipados con transformación policial, en virtude de contrato de subministro en réxime de arrendamento (Expte: 43577/212) adxudicado á mercantil BANCO SANTANDER S A, CIF : A39000013.

II.- A Xefatura Provincial de Tráfico de Pontevedra, en data de 04/01/21 notificou ao Concello de Vigo a sanción imposta (200,00 euros) por non someter o vehículo marca Citroen, modelo C4, matrícula 2150 JTJ, á inspección técnica periódica establecida regulamentariamente.

III.- O mesmo Organismo, o 29/03/2021 notificou, polo mesmo precepto infrinxido, os seguintes expedientes sancionadores:

<u>Marca, Modelo</u>	<u>Matrícula</u>	<u>N.º Expediente</u>	<u>Importe</u>
Citroen C4	2141 JTJ	36-005-379.681-8	200,00 €
Citroen C4	2144 JTJ	36-005-355.028-3	200,00 €
Citroen C4	2137 JTJ	36-005-355.027-1	200,00 €
Citroen C4	2139 JTJ	36-005-355.026-0	200,00 €
Citroen C4	2142 JTJ	36-005-463.201-5	200,00 €
Citroen C4	2154 JTJ	36-005-463.200-3	200,00 €
Citroen C4	2147 JTJ	36-005-381.189-3	200,00 €

IV.- As sancións, que suman un total de 1.600,00 euros, foron abonadas polo Concello de Vigo.

V.- De conformidade co art. 6 do Real Decreto 920/2017, de 23 de outubro, polo que se regula a Inspección Técnica dos Vehículos, os vehículos deberían pasar a ITV periódica antes das datas que a continuación se indican:

<u>Marca/ Modelo</u>	<u>Matrícula/clase</u>	<u>ITV caducidad</u>	<u>ITV superada</u>	<u>Días /infrac- ción</u>
Citroen C4	2141 JTJ (I)	20/10/2020	17/11/2020	26
Citroen C4	2144 JTJ (II)	20/10/2020	17/11/2020	26
Citroen C4	2137 JTJ (I)	20/10/2020	20/11/2020	29
Citroen C4	2139 JTJ (I)	20/10/2020	16/11/2020	25
Citroen C4	2142 JTJ (I)	20/10/2020	16/11/2020	25
Citroen C4	2154 JTJ (II)	20/10/2020	17/11/2020	26
Citroen C4	2147 JTJ (I)	20/10/2020	17/11/2020	26
Citroen C4	2150 JTJ (II)	20/10/2020	17/11/2020	26

En consecuencia, os vehículos da clase I estiveron un total de 131 días incumplindo a obriga indicada, e os da clase II 78 días (total 209 días).

A empresa adjudicataria foi advertida en repetidas ocasións polo funcionario policial encargado da supervisión da flota de vehículos da Policía Local, da obriga de someter os vehículos á ITV periódica.

VI.- Concedido ao contratista o trámite de audiencia de 15 días previsto na cláusula 35 do PCAP, este manifesta a súa oposición ás penalidades nos termos que se expresan nos fundamentos xurídicos da presente proposta de resolución.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A execución do contrato de subministro en réxime de arrendamento (renting) de 17 vehículos para a Policía Local (expte. 43577/212) comenzo o 15/11/2016, cunha duración prevista de catro anos, e unha prórroga de 9 meses, que efectivamente foi acordada polo órgano de contratación, comenzando o 15/11/2020 e rematando o 14/08/2021.

Segundo.- Resultan de aplicación as previsións do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Ley de Contratos do Sector Público, en canto aos efectos, cumprimento e extinción do contrato, de conformidade co previsto na disposición transitoria primeira, apartado 2 en relación coa disposición final decimosexta da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Tercero.- Resultan de aplicación a cláusula 25 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP en adiante) en relación coa cláusula 3 do Prego de Prescripcóns Técnicas (PPT en adiante) en canto á obriga do contratista adjudicatario de someter, ao seu cargo, os vehículos ás inspeccións técnicas obrigatorias e demais esixencias legais para a circulación.

Cuarto.- O incumprimento extemporáneo da obriga de someter os vehículos á inspección técnica periódica, segundo a frecuencia establecida no mentado Real Decreto 920/2017, de 23 de outubro, constitúe demora dun prazo parcial establecido.

De conformidade coa cláusula 33.3 d) do PCAP resulta aplicable o art. 212 do RDLex. 3/2011. Resulta de aplicación, asimesmo, a cláusula 33.4 do PCAP, en canto a compatibilidade da imposición das penalidades coa esixencia dos danos causados.

O prezo do contrato por ano e sen iva das clases I e II, ascende a 130.840,07 euros. As penalidades a impoñer polos 209 días de incumprimento do prazo para pasar a ITV periódica serían 5.469,53 euros (209 día x 26,17 €/día).

Quinto.- D.A. 2ª e art. 212 do Real Decreto Legislativo 3/2011, e cláusulas concordantes do PCAP en canto á competencia da Xunta de Goberno Local para a imposición das penalidades a proposta do responsable do contrato.

Sexto.- No trámite de audiencia, o contratista expresa a súa oposición ás penalidades propostas nos seguintes extremos:

6º.1 Os vehículos non estiveron inmovilizados en ningún momento, nin supuxo (a demora no sometemento á ITV) menoscabo na seguridade dos ocupantes.

6º.2 Admitindo que a obriga de sometemento dos vehículos á ITV corresponde ao contratista, entende que é obriga da Policía Local facilitar ao contratista dita obriga "máxime cuando se presupone que la Policía es la garante del cumplimiento de la legalidad", engadindo que "para ello es indispensable que mi representada tenga conocimiento de la situación en



Concello de Vigo

que encuentra el vehículo, así como de las incidencias que el arrendatario (en este caso la Policía Local) requiere se solucionen, por ejemplo, si el vehículo tiene alguna avería de motor... No ha existido en este caso ninguna interlocución con mi representada, antes del vencimiento de la ITV, al respecto del asunto que motiva la imposición de la presente penalidad".

6º.3 Considerando o disposto na cláusula 33.3 dos PCAP, considera que as penalidades resultan desproporcionadas, e merecerían a consideración de infraccións leves, en cuxo caso estarían prescritas.

Sétimo.- No escrito de oposición advírtese unha confusión entre penalidades e indemnización. As penalidades resultan da aplicación do art. 212 da Lei (RDL 3/11); a indemnización, do pago das multas polo Concello.

Oitavo.- Alegada a suposta prescripción das penalidades propostas, corresponde comezar por dar resposta ao motivo, cuxa apreciación daría lugar ao arquivo parcial do expediente neste extremo.

8º.1 A Sentenza da Sala 3ª do Tribunal Supremo 652/2019 (R.C. 1372/2017) establece en relación co establecido no art. 212 (actual 193 e 194 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público):

1º Es punto común y pacífico que en lo sustantivo tales penalidades no responden al ejercicio de una potestad sancionadora, luego para su imposición no se sigue un procedimiento específico de naturaleza sancionadora ni éste es aplicable supletoriamente. Al respecto es jurisprudencia de esta Sala que responden al ejercicio de una facultad de coerción sobre el contratista para la correcta ejecución del contrato, facultad que implica poderes de dirección, inspección y control que, en garantía del interés público, se atribuye a la Administración (cf. sentencia de esta Sala, Sección Quinta, de 6 de marzo de 1997, recurso de apelación 4318/1991).

2º Su naturaleza ciertamente se acerca a la lógica de la multa coercitiva como instrumento cuyo fin es forzar, mediante su reiteración y hasta lograr el cumplimiento de determinada obligación contractual. Tal similitud se acentúa cuando con la penalidad se reacciona ante retrasos del contratista u otro cumplimiento defectuoso mantenido en el tiempo; ahora bien cuando se impone como consecuencia de un incumplimiento puntual o ejecutado del contrato, ya no implica coerción alguna y su naturaleza se asemeja ciertamente a la sancionadora o cumple un fin resarcitorio.

3º Aun así como tal penalidad tiene una sola regulación y no puede ostentar diversa naturaleza dependiendo de su finalidad, hay que estar al criterio jurisprudencial según el cual carece de una vocación sancionadora en sentido estricto, y se configura como una suerte de cláusula penal contractual (cf. artículo 1152 del Código Civil) cuya razón radica en el interés público que se satisface con el contrato y que es necesario tutelar.

4º En lo procedimental la imposición de penalidades se ubica sistemáticamente en la LCSP 2007 en sede de ejecución contractual, sin que se prevea para su ejercicio un procedimiento específico y diferenciado, lo que no es el caso de esos otros supuestos del artículo 194 de la LCSP de 2007 en los que sí prevé que la Administración contratante ejerza ciertas potestades mediante concretos procedimientos: es el caso de los supuestos de interpretación, modificación, resolución, reclamación de deudas, cesión o subcontratación (cf. artículo 195.1 de la LCSP 2007).

5º Cobra así sentido la cita de la sentencia del Pleno de esta Sala, de 28 de febrero de 2007, recurso de casación 302/2004, que constituye la ratio decidendi de la sentencia impugnada. Pese a dictarse para un supuesto distinto, de ella cabría deducir que la imposición de penalidades no implica un procedimiento autónomo o diferenciado dentro del procedimiento contractual iniciado con la adjudicación, sino una decisión o trámite en particular de la fase de ejecución.

6º Esto no quita que para su adopción haya una regulación mínima en el [artículo 196.8 de la LCSP 2007](#), lo que evita la idea de imposición de plano: se prevé así que haya propuesta y decisión y que haya trámite de audiencia o alegaciones es una exigencia no expresamente prevista, sino que responde a un cabal entendimiento del principio de proscripción de la indefensión, exigencia común a todo acto mediante el cual el poder público imponga un gravamen.

7º Las previsiones del citado artículo 196.8 de las LCSP lleva a la idea cierta de que hay un expediente, pero no un procedimiento. En efecto, la idea de expediente supone la documentación de la sucesión de actuaciones que integran un procedimiento, pero puede implicar sólo la constancia documental de decisiones, lo que asemeja a las penalidades con las multas coercitivas que adoptadas para la ejecución de acto incumplido que sí pone fin a un procedimiento.

8º De esta manera como ya la denominó la sentencia de esta Sala, Sección Quinta, de [30 de octubre de 1995 \(recurso de apelación 5203/1991\)](#) con la imposición de penalidades se está ante una "decisión ejecutiva", si bien acordada en el curso del procedimiento de ejecución de un contrato, prevista en los contratos a modo de estipulación accesoria cuya regulación mínima se agota, en este caso, en el [artículo 196.8 de la LCSP 2007](#). No precisa, por tanto, la aplicación supletoria de la [Ley 30/1992](#) -hoy [Ley 39/2015](#)- para su regulación.

9º Quiebra de esta manera el presupuesto normativo del [artículo 44.2 de la Ley 30/1992](#) pues la fase de ejecución contractual, dentro del procedimiento administrativo, no tiene por objeto ejercitar una potestad de "intervención" susceptible de producir efectos desfavorables o de gravamen: se está ante la regulación de dicha fase dentro del procedimiento contractual, cuya finalidad es la correcta ejecución de un contrato mediante el que se satisfacen intereses públicos.

8º.2 A Sentenza da Sala 3ª do Tribunal Supremo 1257/21 (RC 8243/19) confirma, en canto aquí importa, o criterio xurisprudencial da falta de autonomía e sustantividade propia das obrigacións parciais dos contratos. Todas elas dependen dun único contrato, e o prazo de prescripción das accións derivadas do mesmo queda firmemente establecido no momento do cumprimento e a liquidación do mesmo.

8º.3 As penalidades propostas teñen fundamento directo na lei de contratos (RDL 3/11), que distingue entre cumprimento defectuoso das prestacións debidas (art. 212.1) e demora no cumprimento das prestacións (art. 212, 2, 3, 6 e 8).

8º.4 Ditas penalidades, en canto derivadas do incumprimento dun prazo parcial, dependen na súa esixibilidade da vixencia das prestacións debidas en virtude do contrato. A fronteira legal do comezo da prescripción queda así delimitada polo cumprimento e liquidación do contrato (art. 222 do RDL 3/11), o que como é notorio non ten acontecido, polo que a alegada prescripción resulta manifestamente infundada.

Noveno.- Descartada a alegada prescripción das accións para esixir as penalidades propostas, resta por dar resposta aos restantes motivos de oposición.

9º.1 O reproche sobre o suposto descoñecemento do contratista da chegada do prazo para o sometemento dos vehículos á ITV implica unha dislocación das respectivas posicións das partes no contrato, radicalmente incompatible co mandato legal e terminante conforme ao cal "A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración" (art. 212.3 do RDL 3/11).



Concello de Vigo

9º.3 As penalidades propostas non resultan desproporcionadas. Baste con advertir que son o resultado da aplicación do disposto no art. 212.6 do RDL 3/11, tomando como módulo o prezo do contrato referido á anualidade en que se verifica o incumprimento.

En virtude de canto antecede, o funcionario que suscribe, responsable do contrato, ven en elevar á Xunta de Goberno Local, a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

1º Impoñer á mercantil BANCO SANTANDER, S.A. (Bansacar) con CIF A39000013, a cantidade de 5.469,53 euros en concepto de penalidade polos 209 días de demora en someter 8 vehículos – das clases I e II- á ITV periódica, segundo os prazos regulamentariamente establecidos.

2º Esixir á mercantil o reintegro dos 1.600,00 euros abonados polo Concello de Vigo á Xefatura Provincial de Tráfico polas 8 sancións impostas por non pasar a ITV periódica en prazo.

3º.- Previa audiencia do contratista, e en defecto do seu abono anterior á conclusión do contrato, as penalidades e o reintegro imputaranse en fase de liquidación á garantía constituída.
RECURSOS (ART. 88 DA LEI 39/2015 DO P.A.C.)

O presente acordo pon fin a vía administrativa (art. 114.1. c da Lei 39/2015).

Contra o mesmo o interesado poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o propio órgano que o ditou, no prazo dun mes contado desde o día seguinte á súa notificación (arts. 123 e 124 da Lei 39/15); ou recurso contencioso-administrativo directo ante os Xulgados do Contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa notificación (art. 46.1 da Lei 29/98 da X.C.A., sen prexuízo de que o interesado poida exercer calquer outro que estime oportuno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(486).- ENCOMENDA Á ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA FCC-VIGO UTE DA REDACCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DAS OBRAS DE “MELLORA NO SANEAMENTO DA RÚA SANTA TEGRA”. EXPTE. 1297/441.

Dáse conta do informe-proposta do 08/06/2022, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período con vixencia de cinco anos, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025.

II.- No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro, baixo o título “outros investimentos”; plan de investimentos que se concretará nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

III.- No punto III, relativo aos “Actos administrativos a través dos que se exercitará o control das obras de inversión da entidade concesionaria Aqualia” do devandito Acordo de 8 de marzo de 2013, aprobatorio do procedemento para a execución do plan de inversións, establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local a encomenda á entidade concesionaria Aqualia da redacción dos correspondentes proxectos técnicos para a súa inclusión no Plan de Investimentos, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.

IV.- Con data 6 de xuño de 2022 os Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos municipais emitiron informe xustificativo da conveniencia, idoneidade e do carácter prioritario e non aprazable da actuación consistente na **“MELLORA NO SANEAMENTO DA RUA SANTA TEGRA”** O devandito informe indica o seguinte:

A rúa Santa Tegra atópase na parroquia de Teis, nunha zona moi próxima á costa o que a fai que as súas redes de saneamento e pluviais tomen o carácter de puntos baixos de conchas que se atopan a cotas superiores.

Estes colectores superaron a súa vida útil e xa se levaron a cabo reparacións neles previamente. En momentos de elevadas precipitacións, no cruzamento entre a rúa Santa Tegra, rúa Espiñeiro e rúa Enrique Lorenzo suceden asolagamentos ante a insuficiente capacidade de transporte do colector de pluviais da rúa Santa Tegra, que afecta non só a veciñanza senón tamén as industrias situadas na contorna.

Ante a problemática presentada deben levarse a cabo unhas actuacións nas redes de saneamento e pluviais que melloren o funcionamento non axeitado que presentan na actualidade. Resulta necesario o estudo da execución dunha rede separativa de augas fecais e pluviais na rúa Santa Tegra en toda a súa lonxitude ata a conexión coa Avenida Guixar. Polo tanto e ante á situación existente, considérase que a execución da rede separativa proposta na rúa Santa Tegra é unha actuación necesaria que non debe demorarse.



Concello de Vigo

V.- A vista deste informe, con data 7 de xuño de 2022 o Concelleiro Delegado da Area de Fomento resolveu iniciar o correspondente expediente para o encargo á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE da redacción do correspondente proxecto técnico de obras de **“MELLORA NO SANEAMENTO DA RUA SANTA TEGRA”**

VI.- O proxecto a redactar debera adecuarse ao citado cadro de prezos de unidades de obra, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 22 de marzo de 2013. No caso de unidades de obra que non figuren no mesmo, se deberá adecuar aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado Acordo.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

1º.- Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE a redacción do proxecto técnico das obras de **“MELLORA NO SANEAMENTO DA RUA SANTA TEGRA”**.

2º.- Designar aos Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos D. Juan Manuel Sánchez González e D. Xacobe Paz Salgado como Dirección facultativa das obras de **“MELLORA NO SANEAMENTO DA RUA SANTA TEGRA”**.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(487).- INICIO DAS ACTUACIÓNS CONDUCENTES Á EXECUCIÓN DA PROLONGACIÓN DO TÚNEL PARA O SOTERRAMENTO DO TRÁFICO RODADO ENTRE A PORTA DO SOL E A RÚA ELDUAYEN. EXPTE. 5217/443.

Dáse conta do informe-proposta do 13/06/2022, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. En data 3 de maio de 2019, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o proxecto de «Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria», redactado polo equipo técnico multidisciplinar de UTE GOC, S.A. - CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L. e asinado polo Arquitecto don Pedro de la Puente Crespo e polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos don José Ramón Fernández Ceballos.

II.- O expediente de contratación para a execución deste proxecto foi aprobado pola Xunta de Goberno Local o 24 de maio de 2019, que, con data 26 de setembro de 2019, adxudicou o contrato á UTE CIVIS GLOBAL, S.L. - GEVORA CONSTRUCCIONES, S.A.. O contrato foi

formalizado en data 30.10.19 asinándose a acta de comprobación de replanteo das obras o 28.11.2019.

III.- O Pleno do Concello de Vigo, en sesión de data 23 de xullo de 2021 aprobou definitivamente a «Modificación puntual do PXOU/1993 para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura», instrumento urbanístico de iniciativa pública promovido por esta Administración municipal.

IV.- En data 23 de setembro de 2021, pola Xerencia Municipal de Urbanismo remítiu á Área de Fomento o documento denominado “Proxecto Básico de prolongación do túnel dende o final de Elduayen ao encontro co novo vial do futuro Barrio do Cura” redactado polo arquitecto D. Alfonso Penela Fernández e presentado pola mercantil Barrio do Cura Desarrollo S.L.; documento que a dita mercantil achegou co proxecto de urbanización do devandito ámbito de ordenación.

No citado escrito indícase que a coincidencia no tempo da obra municipal de «Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria» e a próxima urbanización do ámbito do Barrio do Cura, trala modificación da ordenación urbanística nese ámbito, presenta a oportunidade de prolongar o túnel de Elduayen ata o vial que prevé a nova ordenación do Barrio do Cura, polo cal a promotora da execución deste ámbito presenta, a modo de suxerencia ou proposta o “Proxecto Básico de prolongación do túnel dende o final de Elduayen ao encontro co novo vial do futuro Barrio do Cura” redactado polo arquitecto D. Alfonso Penela Fernández coa finalidade de coordinar a posible continuidade do viario soterrado e a consecuente humanización peonil da superficie co viario proposto na nova ordenación do ámbito do Barrio do Cura.

V.- O proxecto presentado pola mercantil Barrio do Cura Desarrollo S.L., de prolongación do túnel desde o final de Elduayen ata o novo vial no Barrio do Cura, propón, ademais do soterramento do tráfico rodado e a humanización do Paseo de Alfonso XII, as variacións de sección necesarias, entre as lonxitudes 0+260m e 0+420m do proxecto de soterramento do tráfico da Porta do Sol,

para conseguir un soterramento total do tráfico rodado entre Policarpo Sanz e a nova urbanización Barrio do Cura. Xa dentro desta urbanización continuaría nun vial proxectado – non soterrado— ata chegar ata o encontro coas rúas Torrecedeira e Santa Marta, resolto cunha rotonda de nova creación. O tramo soterrado entre Elduayen e o ámbito do Barrio do Cura, baixo o Paseo de Alfonso XII, supón un incremento na lonxitude do túnel en execución de 135 metros, pasando de 420 metros a 555 metros de lonxitude total.

O documento técnico supedita o trazado final do túnel e as cotas do nivel de acabado á aparición de restos arqueolóxicos no ámbito da actuación, principalmente na confluencia das rúas Elduayen co Paseo de Alfonso XII, onde se conservan vestixios da muralla moderna da cidade e do baluarte da Falperra, polo que o documento técnico considera necesario previamente unha excavación arqueolóxica en área do baluarte, que permita coñecer a súa realidade física, arquitectura e características constructivas e o seu estado de conservación.

VI.- Á vista de que as actuacións a desenvolver no referido proxecto realízanse nun ámbito de protección arqueolóxica, a Área de Fomento do Concello de Vigo, procedeu á



Concello de Vigo

contratación dunha «asistencia técnica especializada en materia de protección do patrimonio histórico no ámbito do proxecto básico de prolongación do túnel dende o final de Elduayen ao encontro co novo vial do futuro Barrio do Cura», para realizar un análise técnico especializado en materia de arqueoloxía e protección do patrimonio histórico, así como a redacción dun proxecto de intervención arqueolóxica que permita que as actuacións se realicen cos criterios de respecto e posta en valor do patrimonio histórico. En execución do dito contrato a empresa adxudicataria Anta de Moura presentou, en data maio de 2022, un Estudo Arqueohistórico, no que conclúe a necesidade de executar a combinación de dúas actuacións arqueolóxicas previas: por un lado, a escavación en área do ámbito no que se localiza a muralla e baluarte da Falperra; e, por outro, a realización dunhas sondaxes mecánicas al longo do Paseo de Alfonso XII, e o Proxecto Arqueolóxico a tal fin.

VII.- O proxecto foi remitido aos diferentes servizos municipais concernidos (parques e xardíns, transportes, seguridade, vías e obras e patrimonio histórico) en solicitude do informe sobre o mesmo no que as súa respectivas áreas se refire.

VIII.- Con data 03.06.2022, a arqueóloga municipal, á vista da presenza dos restos arqueolóxicos, que describe no seu informe, no ámbito afectado polo documento técnico presentado, propón a realización dunha escavación en área do ámbito no que se localizan os restos da muralla e baluarte da Falperra, co obxecto de comprobar a cota da súa cimentación e definir, en presenza dos datos obtidos, as alternativas posibles para a execución da prolongación do túnel. Igualmente propón a execución dunhas sondaxes arqueolóxicas previas, que poderían ser mecánicas no Paseo de Alfonso XII e no Barrio do Cura, na zona na que o proxecto de ampliación do túnel se introduza no seu ámbito. Finalmente, tendo en consideración que as obras afectan a un B.I.C, en cumprimento do disposto no artigo 39 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, a arqueóloga municipal informa que proxecto de ampliación do túnel, xunto co seu informe, e o estudo arqueohistórico presentado deberase remitir ao Departamento Territorial da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia aos efectos de que emitan a preceptiva autorización.

IX.- Con data 10.06.2022 emítese informe polo Xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns no que conclúe que:

«As actuacións previstas consideráanse adecuadas no conxunto do proxecto, ao incrementar considerablemente as zonas verdes no ámbito da obra coa incorporación de especies arbóreas, arbustivas e céspede en zonas anteriormente pavimentadas. Esta nova reconfiguración do espazo crea un entorno máis naturalizado ao incrementar a vexetación e eliminar o tráfico rodado

actualmente existente. Non obstante, no proxecto definitivo, é importante estudar ben as especies que se introduzcan dadas as peculiaridades da obra (volume do solo e presenza de Olivo senlleiro) así como as características do mobiliario urbano para cumprir coas normativas de accesibilidade.

A modificación prevista considérase que non afecta negativamente á oliveira existente no Paseo de Alfonso porque o trazado discorre suficientemente lonxe do seu emprazamento e non afectará nin ao sistema radicular nin ao sistema aéreo. Non obstante, dada a simboloxía

da árbore e por atoparse no Catálogo Galego de Árbores Senlleiras (DOG 74, do 17 de abril de 2007) considérase convinte solicitar autorización a Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia.».

X.- Con data 10.06.2022 emítese informe conxunto dos servizos de Vías e Obras e Seguridade e Mobilidade e Transportes, no que se conclúe:

« (...) A vista do recollido no presente informe, se entende que a actuación se axusta tanto aos criterios de sustentabilidade recollidas nas estratexias europeas, as directrices públicas actuais, como aos criterios de humanización e recuperación urbana que ven seguindo o Concello de Vigo, mellorando obstensiblemente a mobilidade no entorno, eliminando a barreira peonil existente entre o Casco Vello Alto e Baixo, permitindo o impulso da intermodalidade cos medios de transporte menos contaminantes, aumentando a superficie verde e reducindo a contaminación no entorno da actuación e sen penalización do transporte público como elemento clave da mobilidade urbana, polo que amplía notablemente as bondades da obra actualmente en execución de soterramento do tráfico e humanización da Porta do Sol, permitindo completar dunha maneira rotunda a recuperación da comunicación peonil do centro histórico da cidade de Vigo.

A modo xeral, se considera prioritario para a cidade de Vigo propoñer a conexión entre estas dúas grandes intervencións urbanas que se están desenvolvendo actualmente, realizando un proxecto de soterramento de tráfico e humanización dunha contorna emblemática da cidade, como é o Paseo de Alfonso XII, no que se sitúa o mirador sobre a Ría e a centenaria oliveira que dá o sobrenome de Cidade Olívica a Vigo, acadando unha nova área de convivencia urbana e o conseguente equilibrio urbano, sendo o peatón o gran protagonista, alineándose cos obxetivos estratéxicos da Agenda Urbana Española.

Tendo en conta a exposición das vantaxes indicadas nos apartados anteriores, que dan continuidade e se integran na estratexia municipal de consolidación de un modelo urbano sustentable económica, social e ambientalmente, recuperando o espazo urbano para as persoas, baseado no deseño como premisa principal, creando espazos estanciais agradables que inviten a conquistar o espazo público nun ámbito histórico da cidade, con respecto hacia o Patrimonio, xenerando zonas urbanas de baixas emisións, mellorando a calidade de vida e a cohesión social, se considera que o proxecto básico presentado é adecuado aos intereses municipais nas materias expostas».

XI.- Á vista das precedentes consideracións das que resulta a oportunidade e conveniencia que para a cidade representa a execución da prolongación do túnel para o soterramento do tráfico rodado na Porta do Sol e a rúa Elduayen, desde o final desta rúa ata o novo vial do Barrio do Cura, para conseguir o soterramento do tráfico rodado entre a rúa Policarpo Sanz e a nova urbanización do Barrio do Cura, proponse ao órgano de contratación, competente para a aprobación dos proxectos a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que, de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar o inicio das actuacións conducentes á execución da prolongación do túnel para o soterramento do tráfico rodado entre a Porta do Sol e a rúa Elduayen, desde o final desta rúa ata o novo vial do Barrio do Cura, referido na parte expositiva, coa reserva de



Concello de Vigo

que o trazado final do túnel e as cotas do nivel de acabado se supeditan aos restos arqueolóxicos que aparezan no ámbito da actuación; trazado final e cotas de acabado que será definido no proxecto de obra que, á vista do resultado da intervención arqueolóxica que se realice, será redactado polo concello de Vigo.

Segundo.- Aprobar, como primeiras actuacións a tal fin, a realización das actuacións necesarias para, previa a autorización da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, a execución dunha escavación en área do ámbito no que se localizan os restos da muralla e baluarte da Falperra e a execución dunhas sondaxes arqueolóxicas mecánicas previas no Paseo de Alfonso XII.

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo á Dirección de Obra do proxecto de «Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria» aos efectos de realizar as actuacións necesarias para compatibilizar as devanditas obras, actualmente en execución, coas que poidan resultar necesarias para a prolongación do túnel obxecto do presente expediente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Expediente de contratación da prestación do servizo de actuación artística, rider e catering de GWENDAL dentro do “Programa de espectáculos de verán de Vigo en Festas 2022”. Expte. 9234/335.
- .- Proposta de adxudicación da contratación do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos programados polo servizo de Festas. Expte. 9174/335.
- .- Adxudicación do lote 1 da contratación da prestación do servizo de produción técnica soporte dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en Festas" para eventos de pequeno formato en diferentes localizacións e espectáculos no Auditorio de Castrelos. Expte. 9280/335.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos

membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

22(488).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA, RIDER E CATERING DE GWENDAL DENTRO DO “PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2022”. EXPTE. 9234/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 14/06/2022 e informe de fiscalización de data 15/06/2022, dáse conta do informe-proposta de data 14/06/2022, asinado pola xefa do Servizo de Festas, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

Con data 23 de maio de 2022 o Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas, ditou orden de inicio de expediente (artigo 116 LCSP) para a contratación do servizo da **actuación artística de “GWENDAL”** o día 25 de Xullo de 2022 no Palco exterior ao auditorio de Castrelos e dentro do programa “Vigo en Festas 2022”. No expediente consta:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) asinada pola Xefa de Servizo de Festas con data do 21/05/2022 e a resolución do concelleiro delegado que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 23 de maio 2022.
- Memoria económica, de data 24 de maio de 2022
- Documento económico, de data 25 de maio de 2022
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 13 de xuño de 2022
- Memoria xustificativa, de data 31 de maio de 2022, relativa aos seguintes extremos:
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP)
 - Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).



Concello de Vigo

- Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
- Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP).
- Xustificación da non necesidade de fixar un prazo de garantía (artigo 67.2.t RLCAP).
- Establécense como tarefas críticas a actuación musical que non poderá ser obxecto de subcontratación por tratarse de prestacións personalísimas. (artigo 215 LCSP).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do xervizo de contratación do 14 de xuño de 2022
- Prego de cláusulas administrativas do 1 de xuño de 2022

Por todo o exposto, e previo informes xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento **negociado sen publicidade** e tramitación **ordinaria** do contrato da prestación do servizo da **actuación artística, rider e cátering de “GWENDAL”** o día 25 de Xullo de 2022 no Palco exterior ao auditorio de Castrelos e dentro do programa “Vigo en Festas 2022”.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 13 de xuño de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 1 de xuño de 2022 redactado pola Xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación **22.869,00 euros**, sendo o valor estimado do contrato de **18.900,00 euros** con cargo a aplicación orzamentaria á aplicación 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas para o vixente exercicio económico

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(489).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DE PLANS DE EMERXENCIA E AUTOPROTECCIÓN E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE PARA EVENTOS PROGRAMADOS POLO SERVIZO DE FESTAS. EXPTE. 9174/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 14/06/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos programados polo Servizo de Festas (9.174-335)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos programados polo Servizo de Festas (9.174-335)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 21 de abril de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do contrato da prestación do servizo de redacción de plans de emerxencias e autoprotección e coordinación de seguridade para os eventos programadas polo Servizo de Festas.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 29 de marzo de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 11 de abril de 2022 redactado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 43.076,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 71.200,00 € con cargo a aplicación orzamentaria 3380.227.0600 “Estudios e Traballo Técnico” do programa orzamentario de Festas para o exercicio 2022.



Concello de Vigo

A distribución por anualidades (con IVE) é a seguinte:

- 34.460,80 € (80% de 43.076,00) para o ano 2022
- 8.615,20 € (20% de 43.076,00) para o ano 2023

A distribución por anualidades (con IVE) desglosada para cada LOTE é a seguinte:

LOTE 1

- 16.310,80 (80% de 20.388,50 €) para o ano 2022
- 4.077,70 (20% de 20.388,50 €) para o ano 2023

LOTE 2

- 18.150,00 (80% de 22.687,50 €) para o ano 2022
- 4.537,50 (20% de 22.687,50 €) para o ano 2023

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 3 de xuño de 2022 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 25 de maio de 2022, de APPLUS NORCONTROL, S.L.U. e INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. dos lotes 1 e 2 deste procedemento por non acadar o umbral mínimo do 50% da puntuación (20 puntos) esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos programados polo Servizo de Festas (9.174-335) na seguinte orde descendente:

- *Lote 1 “Servizo de redacción de Plans de emerxencia e Autoprotección e coordinación da seguridade para grandes eventos”:*

	Licitador	Puntuación total
1	PEDRO MURCIEGO DELGADO	74,75 puntos
2	NURIA BALBOA RODRÍGUEZ	61,00 puntos

- *Lote 2 “Servizo de redacción de Plans de emerxencia e Autoprotección e coordinación da seguridade de actividades e espectáculos de pequeno formato”:*

	Licitador	Puntuación total
1	NURIA BALBOA RODRÍGUEZ	81,00 puntos

*Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, PEDRO MURCIEGO DELGADO (**.*08.87*) (lote 1) e NURIA BALBOA RODRÍGUEZ (**.*81.20*) (lote 2), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, PEDRO MURCIEGO DELGADO (**.*08.87*) (lote 1) e NURIA BALBOA RODRÍGUEZ (**.*81.20*) (lote 2), o día 3 de xuño de 2022, que presentan a documentación requirida o 7, 8 e 9 de xuño de 2022, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 9 de xuño de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PEDRO MURCIEGO DELGADO (**.*08.87*) (lote 1) e NURIA BALBOA RODRÍGUEZ (**.*81.20*) (lote 2), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PEDRO MURCIEGO DELGADO (**.*08.87*) (lote 1) e NURIA BALBOA RODRÍGUEZ (**.*81.20*) (lote 2), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 23 e 31 de maio de 2022, respectivamente.



Concello de Vigo

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 25 de maio de 2022, de APPLUS NORCONTROL, S.L.U. e INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. dos lotes 1 e 2 deste procedemento por non acadar o umbral mínimo do 50% da puntuación (20 puntos) esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.

*Adxudicar a PEDRO MURCIEGO DELGADO (**.*08.87*) o lote 1 “Servizo de redacción de Plans de emerxencia e Autoprotección e coordinación da seguridade para grandes eventos” do procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos programados polo Servizo de Festas (9.174-335) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo máximo do lote é de 20.388,50 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.538,50 euros.*
- b) *Oferta unha porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos consignados no apartado 3.G desta FEC do 15%.*
- c) *O medio persoal mínimo á adscribir á execución do contrato elaborou nos últimos 5 anos 19 plans de Autoprotección para actividades de espectáculos públicos e recreativas, conforme ao RD 393/2007, de 23 de marzo polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección.*

*Adxudicar a NURIA BALBOA RODRÍGUEZ (**.*81.20*) o lote 2 “Servizo de redacción de Plans de emerxencia e Autoprotección e coordinación da seguridade de actividades e espectáculos de pequeno formato” do procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos programados polo Servizo de Festas (9.174-335) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo máximo do lote é de 22.687,50 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.937,50 euros.*
- b) *Oferta unha porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos consignados no apartado 3.G desta FEC do 20%.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(490).- ADXUDICACIÓN DO LOTE 1 DA CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA SOPORTE DOS ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES DO PROGRAMA "VIGO EN FESTAS" PARA EVENTOS DE PEQUENO FORMATO EN DIFERENTES LOCALIZACIÓNS E ESPECTÁCULOS NO AUDITORIO DE CASTRELOS. EXPTE. 9280/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fisclaización do 15/06/2022, dáse conta do informe-proposta de data 15/06/2022, asinado pola xefa do Servizo de Festas e pola técnica de Admón. Xeral (Delegación 03/05/2019), que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en Festas para eventos de pequeno formato en diferentes localizacións e espectáculos no Auditorio de Castrelos (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 6 de xuño de 2022, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro: Declarar a urxencia na tramitación do presente expediente. A urxencia ven motivada na necesidade de contratar na maior brevidade posible o servizo, toda vez que resultan indispensable para o desenvolvemento do Programa Vigo en Festas de Verán 2022,



Concello de Vigo

cuxo inicio se prevé, segundo o programa aprobado (nº 9197/335) o 2 de Xullo (LOTE 1) e o 10 de Xullo LOTE 2.

Segundo: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade por tramitación urxente do servizo de produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas para eventos de pequeno formato en diferentes localizacións e espectáculos no Auditorio de Castrelos.

Terceiro: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 6 de xuño de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 6 de xuño de 2022 redactado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación.

Cuarto: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 640.659,39 €, sendo o valor estimado do contrato de 529.470,57 € con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0906 “FESTAS DE VIGO” do programa orzamentario do Servizo de Festas.

O orzamento desglosado para cada LOTE:

- Lote 1: 202.655,56 €

- Lote 2: 438.003,83 €

A distribución por anualidades (con IVE) é a seguinte:

- 606.207,94 € (94,46% para o ano 2022)

- 34.451,45 € (5,54% para o ano 2023)

A distribución por anualidades (con IVE) de cada LOTE é a seguinte:

LOTE 1

- 168204,11 € (83% de 202655,56 €) para o ano 2022 (20 eventos Tipoloxía I e 4 eventos Tipoloxía II)

- 34451,45 € (17% de 202655,56 €) para o ano 2023 (6 eventos Tipoloxía I)

LOTE 2

- 438003,83 € (100%) para o ano 2022

Quinto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- O 6 de xuño de 2022 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U e INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L., concedéndolles un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

Terceiro.- O 8 de xuño de 2022 SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U e INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L., presentaron a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 8 de de xuño de 2022, reúnense a xefa do Servizo de Festas coa técnica de Administración xeral (por delegación da xefa do Servizo de Contratación de data 21.06.19), co obxecto de abrir as ofertas presentadas polos licitadores invitados a participar.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación persoal, e dado que os dous licitadores presentaron a documentación esixida na cláusula 13.7 do PCAP, foron admitidos na licitación e procedeuse á apertura do sobre B “MATERIAS OBJETO DE NEGOCIACIÓN”, segundo o previsto na cláusula 14.3., do que se deu traslado ao servizo xestor.

Con data do 9 de xuño a xefa do Servizo de Festas emitiu informe de valoración do sobre B que foi notificado o mesmo día aos dous licitadores para os efectos de que puidesen mellorar as súas ofertas en cumprimento do previsto na cláusula 14.4 do PCAP.

Dentro do prazo concedido SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. e INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L. presentaron o 9 de xuño de 2022 sendos escritos nos que se ratificaron nas ofertas xa presentadas (documentos nº 220126195 e 220126053, respectivamente). Estes escritos foron remitidos ao servizo xestor.

Con data do 10 de xuño de 2022 a xefa do Servizo de Festas emite informe no que conclúe *“Considéranse que as ofertas achegadas cumpren os mínimos requiridos no Prego de Prescripcións técnicas Particulares e polo tanto son APTAS, se da por concluída a negociación e pode continuarse coa tramitación do procedemento”*.

O 10 de xuño de 2022 reúnense a xefa do Servizo de Festas coa técnica de Administración xeral (por delegación da xefa do Servizo de Contratación de data 21.06.19), de conformidade coa cláusula 14.7 do PCAP, para a apertura do “SOBRE C: CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN”.

Tras a apertura e, de conformidade coa cláusula 14.7 do PCAP solicitouse ao servizo xestor a emisión do informe de valoración do Sobre C.

O mesmo día a xefa do Servizo de Festas emite informe de valoración do Sobre C no que se indica que as ofertas admitidas non conteñen valores anormais ou desproporcionados e se recolle a clasificación por orde decrecente.

Con data do 13 de xuño de 2022 a concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local, adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida no procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas para eventos de pequeno formato en diferentes localizacións e espectáculos no Auditorio de Castrelos na seguinte orde decrecente:

- Lote 1: Produción técnica de soporte de actividades e espectáculos de pequeno formato en diferentes localizacións*

Orde	Licitador	Puntuación
1	SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U.	100 puntos
2	INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L.	36,89 puntos

- Lote 2: Produción técnica soporte de espectáculos no Auditorio de Castrelos*



Concello de Vigo

Orde	Licitador	Puntuación
1	INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L.	100 puntos
	SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U.	26,13 puntos

Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, AC SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. (lote 1) (B-27.793.728) e INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L. (lote 2) (B-81.034.522), para que presenten, no prazo de 5 días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP (cláusula 8 do PCAP) e a esixida na cláusula 17.2 do PCAP:

- A acreditación da constitución de garantía definitiva esixida no apartado 9.C das FEC.
- Declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI) para os contratistas e subcontratistas, conforme ao modelo incluído no Anexo V.
- Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
- Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 25.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV”.

O 14 de xuño de 2022 SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. presentou a documentación requirida, que é correcta, polo que procede formular proposta de adxudicación do lote 1 deste procedemento.

Constan no expediente os certificados acreditativos de que os licitadores están ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, coa Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como coa Seguridade Social.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada por SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o lote 1.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao xefe do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos ás actas do 8 e 10 de xuño de 2022 de apertura dos sobres A e B, de apertura do sobre C e de proposta de clasificación.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. (B-27.793.728) o Lote 1: Producción técnica de soporte de actividades e espectáculos de pequeno formato en diferentes localizacións do procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas” para eventos de pequeno formato en diferentes localizacións e espectáculos no Auditorio de Castrelos (9.280-335) coas seguintes condicións:

1º. O prezo máximo do lote é de 202.655,56 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 35.171,63 euros” e cos seguintes prezos unitarios con IVE:

Referencia	Concepto	Prezo unitario
6.1.1.1	Carpa a dúas augas	9,20 €/m ²
6.1.1.2	Escenario	1.000,00 €/ud
6.1.1.3	Carpas pregables	60,00 €/ud
6.1.1.4	Cadeiras	0,72 €/ud
6.1.1.5	Acometidas e conectores de luz e son (+ certif.)	500,00 €/ud
6.1.1.6	Valado peonil	0,79 €/ud
6.1.1.7	Pasacables	1,44 €/ud
6.1.1.8	Iluminación de traballo	3,00 €/ud
6.1.1.9	Equipo de son	750,00 €/ud
6.1.1.10	Equipo de iluminación	503,96€/ud
6.1.1.11	Extintores e sinalética de seguridade	2,88 €/ud
6.1.1.12	Botiquín	0,72 €/ud
6.1.1.13	Cabinas sanitarias (1PMR+1)	503,96 €/ud



Concello de Vigo

Referencia	Concepto	Prezo unitario
6.1.1.14	Estrutura de truss para lona	60,39 €/ud
6.1.2.1	Coordinador/a montaxe e produción	345,58 €/xornada completa
6.1.2.2	Auxiliar montaxe, desmonte e organización	24,92€/h
6.1.2.3	Controlador de accesos	25,92 €/h
6.1.2.4	Oficial electricista	388,77 €/xornada
6.1.2.5	Técnico/a de son	388,77 €/xornada completa
6.1.2.6	Técnico/a de iluminación	270,00 €/xornada completa
6.1.3.1	Subministro de auga para o persoal de traballo	0,15 €/ud
6.1.3.2	Material de hixiene para cabinas	30,00 €/ud

2º. *Propón unha experiencia do coordinador de montaxe e produción de eventos en traballos de produción de espectáculos ou eventos similares a maiores do esixido no apartado 5F da FEC do PCAP (6 meses) de 8 anos.*

3º. *Incrementa o número mínimo de traballadores/as do grupo V do CCESPC* (2) esixido na cláusula 6.1 do PPT para a realización de tarefas de montaxe, desmonte e organización no evento en 2 traballadores.*

4º. *Incrementa o número mínimo de traballadores/as do grupo V do CCESPC* (2) esixido na cláusula 6.1 do PPT para a realización de tarefas de control de accesos e acompañamento de público no evento en 2 traballadores.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(491).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez